

*Orde do 22 de maio de 1992 pola que se declara a existencia dunha praga de pulguña do Carballo (*Altica quercetorum*).*

Tense detectado nos últimos anos que en algunas masas de carballos da nosa comunidade se están a producir ataques da *Altica quercetorum*, un coleóptero pertencente a familia das Chrisomelidae, coñecida como pulguña do carballo. Estes ataques están acadando unha intensidade ata agora descoñecida, o que fai necesario a súa declaración de praga, para así poder realizar actuacións tendentes a restituí-las poboacións de *Altica quercetorum* a súa situación tradicional, por medio dos tratamentos precisos, de xeito que se minimicen os danos que ésta poida causar.

Por todo o exposto, ó abeiro do establecido nos artigos 61 a 69 da vixente Lei de montes, e dos artigos 357 a 387 do seu regulamento, e vista a proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

DISPOÑO:

1.—Declárase a existencia dunha praga de pulguña do carballo (*Altica quercetorum*), que abrangue a zona comprendida nos concellos que se relacionan no anexo.

2.—Os propietarios de montes que, a xuízo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, poidan verse afectados pola actuación desta praga, deberán autorizar a realización, por parte da Administración, dos traballos de prevención e extinción que os propietarios poidan desenvolver nos seus predios.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para dicta-las disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 1992.

Tomás Pérez Vidal
Conseilleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO

RELACIÓN DE CONCELLOS AFECTADOS POLA PRAGA.

Beade.

Boborás.

Bóveda.

Castrelo de Miño.

Castro Caldelas.

Celanova.

Cenlle.

Incio, O.

Leiro.

Monforte de Lemos.

Pobra de Brollón.

Porqueira.

Rairiz de Veiga.

Ribadavia.

Sober.

Teixeira.

Vilar de Santos.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

ConSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 29 de maio de 1992 do tribunal número 1 dos designados para xulgar as probas selectivas para o acceso ó corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A) convocadas por orde do 24 de xuño de 1991, sobre fixación do número de prazas de promoción interna que incrementan a quenda libre.

Na sesión celebrada o 29 de maio de 1992 polo tribunal nº 1 dos designados para xulgar as probas selectivas para o acceso ó corpo superior de administración da Xunta de Galicia, acordouse, de conformidade co disposto na base I.1.4. da convocatoria, acumular ó número total de vacantes reservadas ó sistema de acceso libre, 159 prazas das reservadas ó sistema de promoción interna que non foron cubertas de conformidade cos resultados obtidos no segundo exercicio da fase de oposición para o acceso ó corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A).

Xa que logo, o total de vacantes reservado ó sistema de acceso libre ascende a 393.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 1992.

Joaquín López - Rúa Soler
Presidente do tribunal nº 1